

REGULAMENTO PARA A ELECCIÓN DE MEMBROS DOS CONSELLOS DE CAMPUS

(Aprobado Comisión Electoral)
22 de marzo de 2018

CAPÍTULO I. Normas Xerais.

Artigo 1.

A elección de membros dos consellos de campus rexerase polo establecido nos Estatutos da Universidade de Vigo e polo presente Regulamento.

CAPÍTULO II. Da composición dos consellos de campus

Artigo 2.

Os consellos de campus son os órganos colexiados de representación e de coordinación do campus, coa seguinte composición:

- a) A presidencia, que será o reitor ou a reitora da Universidade.
- b) Un vicerreitor ou vicerreitora.
- c) Todos os decanos e decanas ou directores e directoras dos centros do campus.
- d) 5 profesoras e profesores, que se elixirán por e entre claustrais do mesmo sector e campus. Polo menos unha das persoas elixidas non pertencerá ao profesorado doutor con vinculación permanente á Universidade e garantirase que haxa polo menos unha representación de cada ámbito científico presente no campus, no caso de que haxa candidaturas.
- e) 5 estudantes, que se elixirán por e entre claustrais do mesmo sector e campus, entre os que haberá polo menos unha representación por cada ámbito científico presente no campus, no caso de que haxa candidaturas.
- f) As 2 persoas do PAS que obtivesen máis votos nos respectivos campus nas eleccións ao Claustro.

O secretario ou secretaria do consello de campus será nomeado pola presidencia de entre quen sexa membro do consello con dedicación a tempo completo.

CAPÍTULO III. Da organización das eleccións e o procedemento electoral.

Artigo 3.

As persoas elixidas membros do consello de campus ás que se refiren os apartados d) e e) do artigo 2 do presente regulamento, serán elixidas por e entre claustrais do campus de cada un dos sectores indicados. A devandita elección terá lugar no Claustro Universitario e farase entre os que figuran nunha lista única de cada sector, que se elaborará despois de abrir un prazo de presentación de candidaturas. Nas listas deberá figurar o ámbito científico ao que estean asinadas as persoas candidatas.

Artigo 4.

1. A emisión de voto será directa e secreta
2. O dereito de sufraxio é persoal e intransferible.
3. Non se admitirá en ningún caso nin a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.
4. Cada elector ou electora só poderá dar o seu voto como máximo a un número de candidaturas igual ou inferior ao setenta por cento ou porcentaxe máis próxima, con redondeo ao enteiro superior se é maior ou igual a 5, e ao enteiro inferior nos outros casos, do total de candidaturas, de acordo coa táboa 1, na cal A é o número de representantes para elixir por cada sector, e B o número máximo de candidaturas ás que poderá dar o seu voto cada votante.

Táboa 1.

A	B
5	4

5. Para os efectos de promover a paridade entre xéneros nos consellos de campus, cada elector ou electora poderá votar como máximo ao 60% das candidaturas de un dos xéneros, determinado sobre o número de candidatos e candidatas máximo previsto no apartado anterior, con redondeo ao enteiro superior se é maior ou igual a 5 e ao enteiro inferior nos outros casos, de acordo coa táboa 2, na cal A é o número de representantes para elixir por cada sector e circunscrición electoral, B o número máximo de candidaturas aos que poderá dar o seu voto cada votante e C o número máximo que se pode votar para un dos xéneros.

Táboa 2

A	B	C
5	4	2

6. De conformidade cos apartados 4 e 5 deste artigo, en cada papeleta determinarase o número máximo de candidaturas que se pode votar por cada elector ou electora así como o número máximo por cada xénero.
7. Serán elixidas as persoas máis votadas de cada sector ata o número de postos a cubrir. Nos casos de empate dentro dun mesmo sector darase preferencia á candidatura do xénero menos representado no consello de campus. Se este procedemento non resolve o empate terá preferencia a candidatura de maior antigüidade na Universidade de Vigo. De persistir o empate terá preferencia a de maior idade.
8. Todas as persoas elixidas membros do consello de campus serán elixidas por un período de catro anos, agás no sector de estudantes, que serán elixidas por dous anos.
9. No caso de que se produzan vacantes cubriranse mediante nova elección.
10. A calidade de membro do consello de campus é indelegable.

Disposición derogatoria

Queda sen efecto calquera regulamento anterior para a elección de membros dos consellos de campus.

Disposición Final.

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación pola Comisión Electoral.